



A Coruña, a 24 de abril de 2023.

**Resolución do Xuíz Único da Federación Galega de Natación**

**ASUNTO: ACTA N°8 TEMP 2022-2023.**

**Equipos participantes: C.W. Pontevedra B- C.M. Ferrol.**

**Competición: Liga Galega Waterpolo División Honra Feminina.**

**Data de celebración: 15/04/2023.**

**FEITOS**

. O día 18 de abril foi remitido pola Secretaria da FEGAN a este Xuíz acta e anexo adxunto asinado polos árbitros do encontro no que se recolle:

*" No minuto 03:04 do primeiro período expúlsase definitivamente con substitución disciplinaria á xogadora n°13 local, Dna. I. Moreira Otero (n° lic. 1224965) polos seguintes feitos:*

*Durante as comprobacións previas ao encontro e a verificación levada a cabo polos colexiados das xogadoras que o disputarían, advírtese por parte destes que a xogadora mencionada leva as unllas excesivamente longas; polo que se lle indica que debe cortalas, non demorándose o inicio do encontro por elo, e que para reincorporarse ao partido debe obter o visto bo dos colexiados.*

*No minuto da incidencia, evidénciase por parte dos árbitros que dita xogadora está na auga sen ter avisado a ningún dos colexiados para realizar novamente a revisión requirida e contravindo, por tanto, as indicacións arbitrais".*

- O día 19 de abril deuse trámite de audiencia aos interesados polo prazo de dous días hábiles inmediatamente seguintes á comisión dos feitos (art.22.2 Libro III Rex Discipl. FEGAN), sen que ningunha alegación fora presentada dentro do citado prazo.

**CONSIDERANDO**

- Que a redacción da acta arbitral goza dunha presunción de veracidade "iuris tantum" que non foi desvirtuada.
- Os feitos que motivan a súa expulsión definitiva con substitución disciplinaria como infracción leve (art. 7. I.1.c).

**RESOLVE**

- Sancionar a Dna. I. Moreira Otero con número de licenza 1224965 xogadora do C.W. Pontevedra "B" cat. División de Honra Feminina cun encontro de suspensión nesta categoría (art. 9.III.b).

Vista a presente resolución, esta será de aplicación inmediata independentemente da posibilidade de interpoñer recurso contra a mesma ante o Comité de Apelación, no prazo de dez días a partir da recepción da presente.

D. Miguel Dios Blanco  
Comité de Competición da FEGAN

